

“Agora que sei que estades aquí, quedo moito máis tranquila. Espérovos no Máis alá”, dixo a vella antes de pechar os ollos. Os seus fillos e netos quedaron abraiados co que dixeran a muller.

No día do seu enterro todos pensaban nas súas últimas palabras, sen comprendelas ben; excepto o neto máis pequeno que sabía moi ben o que significaban aquelas verbas.

Tres días antes de que ela morrera, díxolle ao rapaz: “o día que morra darei unha pista para que consigades a miña herdanza”. El sabía que na súa casa había un cadro do Máis alá e por aí empezaría a buscar.

Ao día seguinte do enterro o mozo foi á casa da súa defunta avoa, non había ninguén, só el. Comezou a súa busca polo cadro do Máis alá e nel encontrou unha vella carta. El pensaba que iso xa era a herdanza, pero non, iso era unha segunda pista.

Sara González Bruña, 3ºD